

NORMATIVA DE DEDICACIÓN DO PROFESORADO

(Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016)

1. A DEDICACIÓN TOTAL DO PROFESORADO

A dedicación laboral anual do PDI a tempo completo é similar á establecida para outros empregados públicos: unhas 1664 horas ao ano. De acordo coa Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, os funcionarios públicos poderán acceder a días de permiso por asuntos particulares. En cada Administración Pública, en función do tempo de servizos prestados, tamén se poderán establecer días adicionais de permiso por asuntos particulares ou días adicionais de vacacións. Dado que non é posible anticipar posibles modificacións legais sobre estes dereitos ou coñecer a priori que parte destes días poden ser efectivamente utilizados polo PDI, pódese asumir que a capacidade efectiva total (CET) a tempo completo redúcese a 1600 horas anuais. O PDI a tempo parcial tería unha capacidade efectiva total acorde co seu réxime de dedicación contractual.

A capacidade efectiva total do profesorado distribúese entre actividades de goberno e xestión, actividades docentes e actividades de investigación e transferencia. As actividades de goberno e xestión implican, en maior ou menor medida, consumos de tempo que merman as posibilidades de dedicación á docencia e á investigación e transferencia. En consecuencia, é preciso primeiro acordar o tempo de traballo que se estima necesario para poder levar a cabo as tarefas de goberno e representación para, despois, establecer o seu recoñecemento oportuno aos efectos de estimar a capacidade restante para desenvolver actividades docentes e investigadoras (CDI).

2. O RECOÑECIMENTO DAS ACTIVIDADES DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

O desempeño de labores de goberno e representación debe considerarse como unha tarefa que eventualmente realiza parte do profesorado e que implica unha redución nas súas posibilidades de realizar outras tarefas docentes e de investigación e transferencia ao longo da súa xornada laboral.

Dentro deste tipo de actividades distínguense tres categorías:

- 1) Cargos Académicos da Universidade de Vigo
- 2) Outros cargos de xestión ou representación
- 3) Participación en órganos de goberno, comisións e outros.

Establécese un sistema proporcional de dedicación horaria, coa conseguinte repercusión sobre a capacidade efectiva total (CET), que se sintetiza na seguinte táboa:

B. Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)		horas	% CET
B.1. Cargos Académicos	B.1.1 Reitor	1600	100%
	B.1.2 Vicerreitores	1200	75%
	B.1.3 Comisionados, Delegado na CIUG	1000	62.5%
	B.1.4 Decanos/Directores	800	50%
	B.1.5 Directores de Área	600	37.5%
	B.1.6 Directores de Departamento	300	18.75%
	B.1.7 Vicedecanos, Subdirectores e Secretarios Centros	300	18.75%
	B.1.8 Secretarios, Subdirectores, Xefes Sección Dptos.	200	12.5%
B.2. Representación da U.Vigo e outros	B.2.1 Colaboradores científicos	400	25%
	B.2.2 Membros Comisións ANECA	300	18.75%
	B.2.3 Xestores Programas Investigación Autonómicos	300	18.75%
	B.2.4 Delegados da U.Vigo en Centros Adscritos	200	12.5%
	B.2.5 Representantes da U.Vigo noutras Institucións	150	9.4%
	B.2.6 Representación sindical (segundo o acordado)		

B. Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)		horas	% CET	
B.3. Órganos de goberno da U.Vigo	B.3.1	Membro de Consello de Goberno da U. Vigo	48	3%
	B.3.2	Membro do Consello Social da U. Vigo	16	1%
	B.3.3	Membro do Claustro da U. Vigo	16	1%
	B.3.4	Membro de Comisións de Claustro ou Mesa	32	2%
	B.3.5	Membro de Comisións do Consello de Goberno	32	2%

Os recoñecementos B.3, relativos á participación en órganos de goberno da Universidade de Vigo, só serán aplicables aos membros de ditos órganos que non sexan membros natos dos mesmos que teñan asistido ás reunións do curso anterior ou teñan xustificadas as súas ausencias.

Para todo o PDI (a tempo completo ou parcial), os recoñecementos B.2 e B.3 (de Representación da Universidade de Vigo e outros e de Órganos de Goberno da Universidade de Vigo, respectivamente) serán acumulables ata un máximo de horas equivalentes ao 30% da correspondente CET. Este límite non é aplicable aos recoñecementos por representación sindical, que se establecerán según corresponda nos convenios, acordos ou normativas ao respecto.

3. AS CAPACIDADES DOCENTES E INVESTIGADORAS

As horas de capacidade docente e investigadora total (CDIT) serán o resultado de restar da Capacidade Efectiva Total (CET) as horas de recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR), calculadas segundo o establecido no anterior apartado.

$$CDIT = CET - RAGR$$

Esta CDIT debe distribuírse entre actividades ligadas á docencia e actividades ligadas á investigación e transferencia.

A entrada en vigor do Decreto Ley 14/2012, fixa a dedicación docente do profesorado en función de criterios relacionados cos tramos de investigación (sexenios), de xeito que o PDI permanente a tempo completo poderá estar afectado por criterios de intensificación docente e investigadora.

Co fin de reducir o impacto deste decreto en particular no profesorado de menor idade, e co fin de incentivar a consecución de tramos de investigación entre o profesorado da Universidade de Vigo, establécense 5 tipos distintos de dedicación/intensificación: I (investigadora), Investigadora Media (IM), R (regular), DM (docente intermedia) e D (docente). Aos efectos de fixar a dedicación para cada curso académico é preciso situar ao PDI nalgún dos cinco tipos de intensificación establecidos, contabilizándose os sexenios xa resoltos na data 31 de decembro do ano anterior ao de inicio do curso. A asignación do PDI a cada un dos tipos definidos seguirá o seguinte esquema (sendo n o ano presente):

	0 sex	1 sex	2 sexC	2 sexT	3 sexC	3 sexT	4 sexC	4 sexT	5/6 sex
ata n-7	R/DM*	R	R	IM	IM	I	I	I	I
n-8	D	R	R	R	R	IM	IM	I	I
n-9	D	DM	DM	R	R	R	R	IM	I
n-10	D	D	D	DM	DM	R	R	R	I
< n-10	D	D	D	D	D	DM	DM	R	I

*Para 0 sexenios, ano do primeiro contrato permanente: de n-3 a n tipo R, de n-7 a n-4 tipo DM.

C: Catedrática/o, T: Titular ou CD

n: ano de inicio do curso académico

Establécense as seguintes excepcións:

a) Pola idade. O profesorado que teña 65 anos cumpridos ao comezo do curso, e que lle correspondera o tipo D, poderá quedar no tipo DM.

b) Por ter desempeñado cargos académicos dos sinalados como B.1.1 a B.1.5 (ambos incluídos) na táboa do apartado 2 da presente normativa. Unha vez rematado algún destes cargos, en caso de que a duración do mesmo non fose inferior a un ano, poderá gozar da seguinte excepción por un tempo máximo igual á duración do cargo rematado, e nunca superior a tres anos:

- Durante os dous cursos académicos seguintes poderá evitar o tipo D ou DM (no caso que lle corresponderan) e quedar no tipo R.

- No terceiro curso poderá evitar o tipo D (no caso que lle correspondera) e quedar no tipo DM.

Esta excepción, contemplada en cursos anteriores, aplicarase con carácter transitorio exclusivamente ás persoas que cumpran estes criterios o día 1 de setembro de 2016.

c) Non se aplicará intensificación docente (tipos D ou DM) a aquelas persoas que acrediten impedimentos de tipo administrativo para a solicitude dun sexenio que sexan decisivos no cómputo da súa dedicación. Serán estudadas pola vicerreitoría as solicitudes de non aplicación da intensificación docente (tipos D ou DM) a aquelas persoas que por mor de baixas de incapacidade temporal, maternidade, adopción ou acollemento por un período superior a 9 meses, non puideron solicitar un sexenio que sexa decisivo no cómputo da súa dedicación.

Unha vez asignado o PDI a un destes 5 tipos (I, IM, R, DM ou D), e a partir da capacidade Docente e investigadora total (CDIT), calcularase a capacidade inicial para desenvolver as actividades docentes (CID) e capacidade inicial para actividades investigadoras e de transferencia (CII), deixando unha porcentaxe de horas para a xestión de carácter xeral que realiza o PDI. As porcentaxes recóllense na seguinte táboa:

% aplicables sobre as horas de CDIT	I	IM	R	DM	D
Capacidade Inicial Docente (CID)	40%	50%	60%	70%	80%
Capacidade Inicial Investig. e Transf. (CII)	57%	47%	37%	27%	17%
Actividades de xestión xeral	3%	3%	3%	3%	3%

Estas capacidades iniciais poderán ser modificadas por recoñecementos de dedicación que deberán recollerse nunha normativa específica a aprobar en Consello de Goberno.